

O CISPAC ACOLLE A XORNADA "NATUREZA EN (DES)EQUILIBRIO. CIENCIA, ARTE E COMUNIDAD PARA O COIDADO DO TERRITORIO"

- No marco do proxecto multidisciplinar "Reverdecer. Ecofisioloxía vexetal e conciencia para a conservación de bosques autóctonos"
- Será no CISPAC con entrada libre previa inscrición (histagra@usc.es)

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2024.- O Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) de Santiago de Compostela acolle o próximo luns 3 de xuño "Natureza en (des)equilibrio. Ciencia, arte e comunidade para o coidado do territorio", unha xornada organizada polo Centro de Arte Fundación María José Jove e o Grupo de Investigación HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e promovido pola Fundación Daniel & Nina Carasso.

A xornada enmárcase no proxecto multidisciplinar "Reverdecer. Ecofisioloxía vexetal e conciencia para a conservación de bosques autóctonos" que a través de diferentes accións pretende xerar aprendizaxes de achegamento aos modos de relación co mundo vexetal que abran novas perspectivas para a coexistencia e a xestión consciente dos recursos naturais.

No actual contexto de crise socioecolóxica, o estudo das paisaxes tórnase unha cuestión transcendental. As árbores e os bosques, esenciais para a vida e a biodiversidade, están sendo observados con crecente interese desde diversos campos, co obxectivo de entender o seu funcionamento e súas interrelacións co territorio de maneira integral. O seu potencial transformador lévanos a imaxinar novas formas de coexistencia, desprazando os paradigmas antropocéntricos e fomentando novas aprendizaxes e alianzas entre os seres vivos.

A xornada preséntase como un espazo de encontro transdisciplinar aberto a investigadores do ámbito académico, artistas, persoas que traballan directamente no territorio e público en xeral, sendo a entrada libre previa inscrición en histagra@usc.es. A través da conexión de perspectivas provenientes da bioloxía, a antropoloxía, a historia, a enxeñaría, a arte e a cidadanía, revisaranse aspectos esenciais da relación interespecies e da loita contra desafíos ambientais críticos, como os incendios. De forma transversal, propónse unha aproximación ao papel das prácticas artísticas como ferramenta de pensamento e detonante de concienciación.

O evento desenvolverase en formato de mesas de presentación e debate.

· **Mesa 1: "Comunidades e natureza. Construindo paisaxes sustentables"** (10 a 11.30h). Participarán **Emilio Saborido**, técnico forestal e educador ambiental e presidente da CMVMC de Fieitoso de Taragoña (Rianxo), que abordará a xestión colectiva do territorio fronte a novos retos sociais e ambientais; **Ximena Garrido-Lecca**, artista visual, presentará o seu traballo sobre a reconfiguración das paisaxes desde a linguaxe plástica e **David Soto**, historiador e profesor da Universidade de Santiago de Compostela, falará sobre comunidades e natureza en perspectiva histórica.

· **Mesa 2: "Conflictos e coexistencias. Entre o humano e o non humano"** (12 a 13.30h). **Pedro Alonso**, biólogo experto no estudo do lobo, discutirá os conflitos entre seres humanos e lobos; **Frederico Ágoas**, sociólogo e investigador do proxecto Burning Landscapes (FIREUSES) da Universidade NOVA de Lisboa, analizará o lume como conflito político e ambiental e **Ariadna Silva Fernández**, artista visual, exporá o seu traballo "Cartografía do esquecemento", sobre o monocultivo de eucalipto e os incendios.

· **Mesa 3: "Conciencias e conservación. Recuperar e reconstruír relacións perdidas"** (15.30h a 17h). Coa participación de **Cristina Mejías**, artista visual, que presentará o seu proxecto "Aprendices errantes" sobre a produción dos saberes cambiantes e multiformes da natureza; **José A. Cortés**, antropólogo e profesor da Universidade da Coruña, falará sobre modelos de conservación da natureza e **Jesús Ramón Aboal Viñas**, biólogo e catedrático de ecoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, abordará o tema das cicatrices non curadas da contaminación do século pasado e as súas leccións.